

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVICIOS SOCIAIS E IGUALDADE

15857 *Real decreto 1082/2017, do 29 de decembro, polo que se determina o nivel mínimo de protección garantido ás persoas beneficiarias do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.*

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establece no seu artigo 7 que a protección da situación de dependencia se prestará de acordo cos seguintes niveis de protección: un nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado, un nivel de protección acordado entre a Administración xeral do Estado e cada unha das comunidades autónomas e un nivel adicional que poden establecer, pola súa parte, as comunidades autónomas con cargo aos seus orzamentos.

O artigo 9 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, dispón que o Goberno, oído o Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, determinará o nivel mínimo de protección garantido para cada unha das persoas beneficiarias do sistema, segundo o grao da súa dependencia, como condición básica de garantía do dereito á promoción da autonomía persoal e atención á situación de dependencia. No seu número 2 establece que o financiamento público deste nivel de protección correrá por conta da Administración xeral do Estado.

En desenvolvemento do anterior aprobouse o Real decreto 1050/2013, do 27 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de protección establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

O artigo 4.1 do Real decreto 1050/2013, do 27 de decembro, establece que a asignación financeira do nivel mínimo de protección a cada comunidade autónoma se efectúe mensualmente considerando tres variables: o número de beneficiarios, o grao de dependencia, así como o número e tipo de prestacións establecidas no capítulo II do título I da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Así mesmo, o citado real decreto regula que a achega da Administración xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo de protección do Sistema para a autonomía e atención á dependencia para cada persoa beneficiaria do sistema con resolución de grao III, gran dependencia; grao II, dependencia severa, e grao I, dependencia moderada, será a establecida na disposición transitoria décimo primeira, número 2, do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

O presente real decreto ten por obxecto determinar a achega da Administración xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo de protección garantido para as persoas beneficiarias valoradas en grao III, gran dependencia; grao II, dependencia severa, e grao I, dependencia moderada.

De acordo cos principios de boa regulación e, en particular, cos de proporcionalidade e eficiencia, esta norma contén a regulación imprescindible para atender a súa finalidade e non impón cargas administrativas.

No seu proceso de elaboración, esta norma foi sometida a trámite de información pública, a consulta tanto do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, sobre a base do disposto no artigo 9.1 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, coma dos órganos de participación, como son o Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o Consello Estatal de Persoas Maiores, o Consello Nacional da Discapacidade e o Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva na regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Esta norma establécese ao abeiro da facultade conferida ao Goberno na disposición derradeira sétima da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Achega da Administración xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo de protección.*

Procédese á actualización das contías do nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado para cada persoa beneficiaria do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, de grao III, gran dependencia; grao II, dependencia severa, e grao I, dependencia moderada, que son as fixadas no anexo.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílitate a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,
DOLORS MONTSERRAT MONTSERRAT

ANEXO

Expresión cuantificada do nivel mínimo de protección do Sistema para a autonomía e atención á dependencia

Grao de dependencia	Mínimo de protección garantido – Euros/mes
Grado III, gran dependencia.	190,13
Grado II, dependencia severa	84,49
Grado I, dependencia moderada	47,38